

# ¿Cómo te desprazas?

Eficiencia nos desprazamentos segundo o tipo de vehículo. Gasto de combustible estimado para un desprazamento de 15km con tramo urbano e extra-urbano e previsión de retención de 5 minutos.

## Turismo, diesel. Vigo- CUVI

Combustible: Gasóleo A.

Precio combustible: 1.36 €/litro

Distancia en Km: 15

Velocidade media: 60 Km/h

Litros de combustible: 1.15

Custo do combustible necesario en €: 1.56

Custo do combustible necesario ida e volta en €: 3,13

Custo do combustible por km en €: 10 céntimos

Custo do combustible por semana (5 días) en €: 16

**Custo do combustible ao mes en €: 63**

(\*) Consumo mixto (urbano-extraurbano) de 6,8 l/100km.  
Custos da previsión de retención engadidos

## Turismo, gasolina. Vigo- CUVI

Combustible: SP 95

Precio combustible: 1.46 €/litro

Distancia en Km: 15

Velocidade media: 60 Km/h

Litros de combustible: 1.40

Custo do combustible necesario en €: 2.04

Custo do combustible necesario ida e volta en €: 4,09

Custo do combustible por km en €: 14 céntimos

Custo do combustible por semana (5 días) en €: 22

**Custo do combustible ao mes en €: 82**

(\*) Consumo mixto (urbano-extraurbano) de 8,8 l/100km.  
Custos da previsión de retención engadidos

## ECONOMÍA DO TRANSPORTE

### Autobús Línea Vitrasa Vigo- CUVI

Da Praza de América (U1) Praza de España (U2) parten dúas lanzadeiras cunha frecuencia de 20 minutos ao CUVI, ademais as liñas 8 e C15C pasan cada hora con varias paradas repartidas por toda a cidade.

- Tarxetas de transporte:

Normal: 0,86 € **Custo mensual: 34,4 €**

Universitario: 0,65 € **Custo mensual: 26€**

(\*) Coste mensual para meses de 4 semanas.

Supoñendo un desprazamento de 5 días a semana




### Vehículo compartido

Compartir vehículo é outra boa alternativa.

Existen plataformas como *blablacar*

ou *carpooling*, que che permiten coñecer a usuarios co teu mesmo itinerario. ¡Anímate a compartir!



### Servizo de Prevención de Riscos Laborais Oficina de Medio Ambiente




Edificio Isaac Newton, pranta alta  
Campus Lagoas, Marcosende  
36310 Vigo (Pontevedra)

# MOBILIDADE SUSTENTABLE

## PLAN DE MOBILIDADE E SEGURIDADE VIARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO



UniversidadeVigo



Un vehículo convencional adquire a enerxía que se encontra almacenada nun combustible fósil, que se libera mediante a combustión no interior dun motor térmico convencional. Estes combustibles fósiles son primordialmente derivados do petróleo: gasolina e diésel. Durante este proceso libérase CO<sub>2</sub>.

A emisión deste gas por un vehículo ten relación co consumo de combustible: (Fonte: IDAE)

TURISMOS	Gasolina	Gasoil
kg CO <sub>2</sub> /L	2,32	2,6
por cada L percórrense (km)	13	16
Emissiones CO <sub>2</sub> /km	0,178	0,163

Estes poden estar suxeitos a variación en función de cada vehículo.

A estes datos debemos sumar os custos medio ambientais da súa produción e do seu mantemento, así como a gran cantidade de residuos que xeran, rodas, freos, filtros, aceite...

## Aproximación das emisións de CO<sub>2</sub> segundo o medio de transporte.

Para un desprazamento dende Vigo ata o Campus das Lagoas Marcosende, supoñendo un percorrido de 15km, obteriamos:

### Turismo diésel

- ⇒ Emisións diarias (30km): 4,9 kg de CO<sub>2</sub>.
- ⇒ Emisións mensuais(4 semanas): 98 kg de CO<sub>2</sub>.

### Turismo gasolina

- ⇒ Emisións diarias (30km): 5,34 kg de CO<sub>2</sub>.
- ⇒ Emisións mensuais(4 semanas): 106,8kg de CO<sub>2</sub>.

Mentres que facendo uso do transporte colectivo como o autobús as emisións redúcense entre un **65%** e un **75%** por persoa e km.

### ¿Cómo reducir o consumo e aforrar?

- Planifique a ruta e escolla o camiño menos conxestionado.
- Evite a sobrecarga do vehículo. Só o uso da baca, baleira ou non, pode aumentar o consumo do carburante ata un 35%? É aconsellable retirala se non se está a usar.
- Faga uso do aire acondicionado con moderación, xa que incrementa ata un 20% o consumo de carburante.
- Non leve as xanelas totalmente abertas cando conduza, pois incrementa o consumo notablemente.
- Revise a súa técnica de conducción. Está demostrado que para o mesmo traxecto en función da técnica de cada condutor o consumo de combustible pódese incrementar ata un 20%.
- Non utilice o coche para traxectos curtos. Pode chegar a consumir 20 l/100 km en pequenos recorridos urbanos.
- O transporte público, a bicicleta ou camiñar, no caso de distancias curtas son boas alternativas para realizar os desprazamentos.

